Guindibó (de Abaixo) - Santa Cruz de Montaos - Ordes, 1979-12-13
**Informante:** Carme (85)
**Compiladora**: Dorothé Schubarth
**Transcrición**: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina
**Edición da presente ficha**: Isabel Vigo

- … Esa non é de falar-e. É de cantar e chorar.

¡Ai, meu irmansiño, sempre m´acordo cando viñas po-la eira arriba.
Pon o pote ó lume miña irmán,
pon o pote ó lume que eí ven Xan,
tiruliruliru, tiruliruliru, tiruliruliru, la…

- E despois cando morreu choraba a irmán e decía así tamén; así, ela cantaba e máis choraba, non sabes:

Ai meu irmansiño, cando viña po-la eira arribasempre decía:
Pon o pote ó lume miña irmán,
pon o pote ó lume que eí ven Xan,
tiruliruliru, tiruliruliru, tiruliruliru, la…

- Ela choraba por el a máis cantaba porque tiña que cantar esa cousa así. Tiña que cantar o que el decía e así que tiña que cantar e máis chorar.
  Ai, esa collera dunha vez que ibamos para o San Andrés…

*Audio de procedencia: MPG_SchSa_0008_017_en_Ordes_I_2_264*